



# MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2011-2012

---

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA



---

# Índice

---

Consello Escolar de Galicia



---

## ÍNDICE

1.- Limiar .....	09
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	13
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.-1 Sesións plenarias.....	20
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	26
3.3 Comisións permanentes.....	27
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	39
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2010-2011.....	41
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	45
5.- Ditames elaborados .....	51
6.- Participación en actos, congresos , reunións .....	59
7.- Resumo económico .....	63



---

# Limiar

---

1





---

## LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2011/2012 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno, Comisión Permanente e outras comisións constituídas, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais, na presentación de propostas e na organización de actividades abertas á comunidade educativa en xeral.



---

# Composición do Consello Escolar

---

2



---

## COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)

Odilo Barreiro Martínez (CIG)

Víctor Manuel Rodríguez Gesto (CCOO)

José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)

Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Xosé Marcial Comesaña Figueiras (CCOO)

Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)

Gerardo Moreno Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)

Virgilio Gantes Gómez (CONFAPA)

Elvira Lombao Vila (CONFAPA)

María Inés Gómez Otero (CONGAPA)

María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Vacante

Persoal de Administración e Servizos:

Eduardo Freire Bargados (CIG)

Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)

Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)

Marcelino Brea Mella (UGT)

---

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

Joaquín Pereira Somoza (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

David Mazaira Fernández (Federación Galega de MRPs)

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)

Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

José Luis Mira Lema

José Manuel Pinal Rodríguez

Jesús Oitavén Barcala

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Manuel Corredoira López

Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

Juan José Díaz Valiño

Mercedes Rosón Ferreiro

Arturo Díaz Díaz

Ana María Garrido Rodríguez

José Manuel Domínguez Freitas

Francisco A. Veiga Romero

Manuel Taboada Vigo

María Socorro Cea Vázquez

Universidade:

Agustín Requejo Osorio

Antonio Vara Coomonte

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Venancio Graña Martínez

Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

Pedro García Puig

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

---

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006), o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente

**Baixas e altas de membros no Consello:**

No curso 2011-2012 tivo lugar a substitución dun membro do consello publicada no DOG do 27 de marzo de 2012:

Baixa	Alta
Anxo Manuel Lorenzo Suárez	Valentín García Gómez

---

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Virgilio Gantes Gómez

Daniel Barata Quintas

Mercedes Rosón Ferreiro

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey



---

# Actividade do Consello Escolar

---

3



---

## **ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA**

Durante o curso 2011-2012 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2011 ata o día 31 de agosto de 2012 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Comisións permanentes.
- Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2010-2011.

---

## **3.1 SESIÓNS PLENARIAS**

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2011-2012 en catro ocasións nas seguintes datas:

### SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

28 de febreiro de 2012

27 de marzo de 2012

19 de xuño de 2012

28 de xuño de 2012

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de febreiro de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20'30	Asistentes	29 de 46 (63%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2010-2011.
- 4.- Ditame sobre os once (11) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:
  - 1.- Técnico en cultivos acuícolas
  - 2.- Técnico en electromecánica de maquinaria.
  - 3.- Técnico en estética e beleza.
  - 4.- Técnico en instalación de amoblamento.
  - 5.- Técnico Superior en centrais eléctricas.
  - 6.- Técnico superior en educación e control ambiental.
  - 7.- Técnico superior en enerxías renovables.
  - 8.- Técnico superior en estética integral e benestar.
  - 9.- Técnico superior en paisaxismo e medio rural.
  - 10.- Técnico superior en proxectos de obra civil.
  - 11.- Técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
- 5.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente informa sobre a reunión da Xunta de Participación que tivo lugar en Santiago a finais de xaneiro co fin de avanzar na organización dos encontros dos consellos escolares que se celebrarán na Rioxá. Informa tamén de que o calendario que se envía sempre xunto cos documentos de análise para a seguinte reunión do Pleno deste organismo tentan cumprirse sen variar as datas nin os prazos e roga que se teña en conta no desenvolvemento do proceso. Informa tamén de que a actuación que se pensaba iniciar sobre o estudo dos resultados da avaliación de diagnóstico queda en suspenso mentres a Consellería non libere os datos necesarios para realizala. Finalmente informa de que o Instituto de estudos Galegos Padre Sarmiento ten previsto organizar un coloquio histórico sobre un aspecto do fenómeno xacobeo e que ten a intención de invitar aos membros do pleno que desexen asistir.

Trátase a continuación a aprobación da memoria de actividades do curso 2010-2011. Nela recóllese a composición do Consello, a actividade realizada durante o curso: as sesións plenarias e as comisións permanentes, a asistencia as mesmas, as competencias do consello e do seu presidente, os ditames elaborados así como a participación en actos, congresos e reunións. Inclúe tamén un resumo económico. Debátase sobre o contido da mesma prevalecendo a opinión de que cómpre facer modificacións na redacción dalgúns dos seus apartados polo que queda pendente dunha nova redacción.

A continuación trátase o ditame sobre os once proxectos de decreto que figuran no punto cuarto da orde do día. Apróbase o ditame elaborado pola comisión permanente coa inclusión dunha nova emenda aprobada nesta sesión.

Presentáronse catro rogos.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	27 de marzo de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20,20	Asistentes	28 de 46 (60,8%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Aprobación da memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2010-2011.
- 3.- Proposta de CCOO para resolución por parte do Consello Escolar de Galicia.
- 4.- Ditame sobre os once (11) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:
  1. Técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
  2. Técnico en peiteado e cosmética capilar.
  3. Técnico en preimpresión dixital.
  4. Técnico superior en administración e finanzas.
  5. Técnico superior e animación sociocultural e turística.
  6. Técnico superior en asistencia á dirección.
  7. Técnico superior en comercio internacional.
  8. Técnico superior en deseño e amoblamento.
  9. Técnico superior en próteses dentais.
  10. Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos.
  11. Técnico superior en son para audiovisuais e espectáculos.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non habendo observacións apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa da substitución dun membro do consello. Agradécelle a don Anxo Lorenzo Suárez a súa dedicación a este órgano e dálle a benvida a don Valentín García Gómez desexándolle que o seu traballo sexa beneficioso para o consello e proveitoso para el.

No segundo punto da orde do día preséntase a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2010-2011 logo de terse procedido a unha nova redacción dalgúns dos seus apartados, sendo aprobada

A continuación débátese unha proposta de resolución presentada por CCOO coa que se pretende poñer en evidencia unha realidade que se está dando coas reducións en investimentos en educación e propón que se recomende á administración que non faga eses recortes. Logo do debate apróbase a proposta.

Éntrase no estudo dos 11 proxectos de decreto do punto 4º resultando aprobado o ditame da Comisión Permanente coa inclusión de catro emendas aprobadas nesta sesión.

Presentáronse dúas preguntas.

3	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	19 de xuño de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16,30 a 21,30	Asistentes	29 de 46 (63%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.
- 5.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico en mergullo deportivo con escafandro autónomo.
- 6.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non habendo observacións apróbbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta do estado de tramitación do informe sobre as linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia que será presentado ao Pleno o día 28 de xuño.

A continuación éntrese no debate do proxecto de decreto que regula a admisión do alumnado. Presentáronse 151 emendas e a Comisión Permanente elaborou un ditame provisional. Como remate do debate procédese á votación do ditame coa inclusión das emendas que se aceptaron nesta sesión, dando como resultado a non aprobación do ditame.

Estúdase a continuación o proxecto de decreto que figura no punto 4 aprobándose o ditame sen a inclusión de novas emendas.

Finalmente procédese ao debate sobre o proxecto de decreto que figura no punto 5 aprobándose o ditame coa inclusión dunha emenda aprobada nesta sesión.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

---

4	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de xuño de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19'15	Asistentes	20 de 46 (43,5%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Aprobación do informe sobre as linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia – Curso 2010-2011 (percepcións do profesorado, alumnado e as súas familias ao remate do bacharelato).
- 3.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS
----------------

Non habendo observacións apróbase a acta por unanimidade.

Estúdase a continuación o informe ao que se presentaron 27 emendas. A Comisión Permanente elaborou o seu ditame provisional que se aproba, rematado o debate, coa inclusión de nove emendas aprobadas nesta sesión.

Non se presentaron rogos nin preguntas.



### 3.2 Asistencia ás sesións de Pleno:

	28/02/12	27/03/12	19/06/12	28/06/12	Total
Astariz Castro, Manuel	A	A	A	-	3
Barata Quintas, Daniel	A	-	A	A	3
Barreiro Martínez, Odilo	-	A	-	A	2
Brea Mella, Marcelino	A	A	-	A	3
Campos Acedo, Consuelo	A	-	-	A	2
Cea Vázquez, M <sup>a</sup> Socorro	-	-	-	-	0
Comesaña Figueiras, Xosé Marcial	A	A	A	A	4
Corredoira López, Manuel	A	A	A	A	4
Costa Rico, Antón	-	A	A	-	2
Díaz Díaz, Arturo	-	-	-	-	0
Díaz Valiño, Juan José	-	-	-	A	1
Domínguez Freitas, José Manuel	-	-	-	-	0
Espiño Amil, Mercedes	A	A	A	-	3
Francisco Mera, Armindo	A	-	-	-	1
Freire Bargados, Eduardo	-	A	A	-	2
Fuentes Fariña, José Manuel	A	A	A	-	3
Gantes Gómez, Virgilio	-	A	-	-	1
García Fernández de Bescansa, M <sup>a</sup> Paz	A	A	A	A	4
García Puig, Pedro	-	-	-	-	0
Garrido Rodríguez, Ana María	A	A	A	-	3
Gómez Farto, Raúl	A	A	A	A	4
Gómez Otero, M <sup>a</sup> Inés	A	A	A	A	4
Graña Martínez, Venancio	A	A	A	-	3
Liñares Louzao, José Luis	A	-	-	-	1
Lombao Vila, Elvira	-	-	A	-	1
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel	A	-	-	-	1
Valentín García Gómez	-	-	A	A	2
Losada Aldrey, José Alejo	A	A	A	A	4
Louzao Rodríguez, Xesús Anxo	A	A	A	A	4
Martínez Reboiras, José Francisco	A	A	A	A	4
Mazaira Fernández, David	-	-	-	-	0
Mira Lema, José Luis	-	A	-	-	1
Moar Armas, José Antonio	A	A	A	A	4
Morano Díaz, Gerardo	A	A	A	-	3
Oitavén Barcala, Jesús	A	-	A	-	2
Pereira Somoza, Joaquín	A	-	A	-	2
Pinal Rodríguez, José Manuel	A	A	A	A	4
Pozo Andrés, Fernando del	A	A	A	A	4
Ramos Rodríguez, Xosé	A	A	A	A	4
Requejo Osorio, Agustín	-	A	A	-	2
Rodríguez Gesto, Víctor Manuel	A	-	A	A	3
Rosón Ferreiro, Mercedes	-	-	A	-	1
Taboada Vigo, Manuel	-	-	-	-	0
Vara Coomonte, Antonio	A	A	-	A	3
Vega Núñez, Sara Inés	A	A	A	-	3
Veiga Romero, Francisco A.	-	-	-	-	0
Villarnovo Cova, Ángeles	-	-	-	-	0
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>27</b>	<b>29</b>	<b>20</b>	<b>105</b>

---

### Asistencia ás sesións de pleno por colectivos:

Os representantes dos colectivos que se indica asistiron ás reunións do pleno do Consello Escolar de Galicia na porcentaxe que para cada colectivo se indica.

Profesores do Ensino Público:	70,00%
Profesores do Ensino Privado:	66,60%
Pais e Nais de Alumnos:	65,00%
Persoal de Administración e Servizos	25,00%
Titulares de Centros Privados	100,00%
Centrais Sindicais	83,30%
Organizacións Empresariais	37,50%
Profesores propostos polos MRPs	58,30%
Administración Educativa	75,00%
Administración Local	12,50%
Universidade	62,50%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	75,00%
Seminario de Estudos Galegos	50,00%
Consello da Xuventude de Galicia	00,00%

O conxunto dos membros do Consello asistiu a un total do 57,06% das sesións convocadas.

---

### 3.3 **COMISIÓNS PERMANENTES**

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2011-2012 en dez ocasións nas seguintes datas:

#### REUNIÓNS DA COMUSIÓN PERMANENTE

31 de outubro de 2011

27 de decembro de 2011

16 de febreiro de 2012

14 de marzo de 2012

20 de marzo de 2012

12 de abril de 2012

3 de maio de 2012

23 de maio de 2012

11 de xuño de 2012

27 de xuño de 2012

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	31 de outubro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia sobre diversas cuestións, entre outras:
  1. Situación dos XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
  2. Informe sobre as linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia: percepcións do profesorado, alumnado e as súas familias ao remate do bacharelato.
  3. Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que asistiu en Madrid a imposición das Encomendas de Afonso Décimo O Sabio aos presidentes de consellos escolares autonómicos que deixaron o cargo recentemente.

Logo informa da reunión de presidentes de consellos na que se acordou un documento que foi o resultado de recoller as propostas dos Consellos Escolares Autonómicos e do Estado en relación co tema dos XXI Encontros. Este documento recibíuse no Consello e foi publicado na páxina web. É o documento base no que se traballará nos encontros.

A continuación informa da marcha do informe sobre as linguas estranxeiras que foi encargado ao ICE. Entrégase copia a todos do índice dos temas a tratar. Ten unha parte teórica con tres capítulos, logo contén a parte empírica. O capítulo catro refírese á metodoloxía e o capítulo cinco a análise descritiva dos sectores da mostra. Por último, o capítulo seis recolle a análise dos resultados obtidos. Estará rematado e será entregado a finais de ano.

En relación coa petición de información sobre os resultados da avaliación de diagnóstico o sr. Vicepresidente informa que a Consellería contestou ao escrito enviado manifestando que ten a intención de facer un estudo evolutivo de varios anos, polo que de momento non vai liberar os datos.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	27 de decembro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 13 a 17 horas	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2010-2011
- 4.- Rogos e preguntas

#### TEMAS TRATADOS

Logo dunhas observacións feitas polo Sr. Gómez apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que o pasado 16 de novembro tivo lugar a reunión de presidentes de consellos escolares. Nela explicóuselles todo o tema relativo aos encontros da Ríoxa: encontros anteriores, traballos xa realizados como preparación dos mesmos, estrutura e funcionamento.

Elaborouse un documento e agora o que falta é concretar as seguintes fases. Decidiuse facer unha nova reunión para concretar estes aspectos, que será a finais de xaneiro principios de febreiro. A reunión será en Santiago de Compostela.

Nela concretaranse as datas de realización dos encontros que serán, previsiblemente, en maio. Concretarase a estrutura e a organización, así como as datas e lugares das próximas reunións.

Así mesmo informa que o 16 de decembro asistiu en Madrid a unha reunión sobre a "Gobernanza e participación de los padres", sesión de presentación internacional do proxecto "IPPE – Construción de indicadores da participación dos pais na ensinanza obrigatoria".

Informa tamén sobre o estado e situación do sistema educativo galego. Xa se recibiu o informe, fíxose unha lectura e solicitouse que se revisasen algunhas cuestións sobre todo de estilo e presentación da información.

En relación coa Memoria de actividades do curso 2010-2011 fai entrega dunha copia para coñecemento de todos os membros da comisión e informa que na próxima reunión será debatida e aprobada para pasala ao Pleno.

Non se presentaron rogos nin preguntas

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	16 de febreiro de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,15	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia – Curso 2010-2011.
- 4.- Ditame para os 11 proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que, tal como estaba previsto, reuniuse en Santiago a Xunta de Participación coa finalidade de avanzar na organización dos encontros de consellos escolares autonómicos e do Estado. En principio está previsto que sexa na segunda semana de maio.

Cambiouse o modelo de organización dos encontros. Espérase que haxa un día con dous conferenciantes e conclusións.

Revisase novamente o texto da Memoria de Actividades de Consello Escolar de Galicia do curso 2010-2011 e acórdase facer unha modificación no apartado que recolle os ditames elaborados.

En relación cos once proxectos de decreto presentáronse 35 emendas, 5 de CCOO, 17 de CIG, 7 de CECE, 2 de Educación e Xestión e 4 de UGT. Debátense as emendas aos distintos decretos e ao remate da sesión elabóranse un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración

Non se presentaron rogos nin preguntas.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	14 de marzo de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia – Curso 2010-2011.
- 4.- Ditame para os 11 proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional
- 5.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente recorda que na sesión plenaria do día 28 de febreiro acordouse que se fixeran modificacións na redacción dalgún dos apartados da memoria de Actividades do Consello Escolar do curso 2010-2011 e en consecuencia aporta unha nova redacción dos mesmos. Debátese e apróbase a nova redacción propoñéndose que sexa elevada ao Pleno para a súa consideración.

En relación cos once proxectos de decreto o Sr. Vicepresidente comenta que se presentaron 30 emendas, 5 de CCOO, 2 de Educación e Xestión, 5 de CECE, 12 de CIG e 6 de UGT. Debátense as emendas aos distintos decretos e ao remate da sesión elabóranse o ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	20 de marzo de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Proposta de CCOO para resolución por parte do Consello Escolar.
- 4.- Informe “As linguas estranxeiras no sistema educativo galego” – Curso 2010-2011.
- 5.- Emendas ao Ditame para os 11 proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Estúdase a proposta formulada por CCOO e logo de debate acórdase pasala ao vindeiro pleno que se vai celebrar o 27 de marzo próximo.

O informe sobre as linguas estranxeiras foi remitido por correo electrónico co obxecto de que se coñecesen os diferentes apartados dos que consta. A parte que é obxecto de revisión concrétase no capítulo 6 e nas conclusións; acórdase que todos os membros da Comisión Permanente estuden eses dous capítulos para poder debatelos na seguinte reunión que se realizará logo de Semana Santa.

O Sr. Vicepresidente informa que non se presentou ningunha emenda ao ditame sobre os once proxectos de decreto. O único que presentan os emendantes son comunicacións por correo electrónico manifestando que manteñen as emendas que non foron incluídas no ditame. Acórdase remitilo ao Pleno para a súa consideración

Non se presentaron rogos nin preguntas.



6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	12 de abril de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Propostas do Consello ao Informe “As linguas estranxeiras no sistema educativo galego” – Curso 2010-2011.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Revísase como está estruturado o capítulo 6 e as conclusións. Cuestión importante é tomar a decisión de como se van a incorporar as propostas de recadros en gris que se fan por parte do Consello Escolar de Galicia.

Algúns dos membros poñen de manifesto que revisaron o informe e que xa teñen posibles propostas pero que non chegaron a redactalas definitivamente ata saber como se ían a recoller no informe.

Logo de facer propostas de como traballar co informe, acórdase dar un novo prazo para enviar propostas á secretaría do Consello Escolar, por correo electrónico, ata o día 22 de abril de 2012.

Posteriormente farase unha nova reunión da comisión permanente o día 3 de maio. O punto sería o das propostas ao informe.

Cada membro fará chegar ao correo electrónico as súas propostas. O Sr. Secretario encargárase de recollelas todas nun só documento e logo debateranse na reunión da permanente para realizar a selección.

Non se presentaron dous rogos nin preguntas.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	3 de maio de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,15	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA
-------------

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Propostas do Consello para incluír no capítulo VI do informe “As linguas estranxeiras no sistema educativo galego” – Curso 2010-2011.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS
----------------

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co Informe fíxose un repaso do acordado na sesión anterior e informouse de que chegaron propostas dos membros da Comisión Permanente que o Sr. Secretario incluíu nun novo documento de capítulo VI. Ese documento enviouse a todos os membros coa convocatoria da Comisión Permanente do día 3 de maio.

Trátase nesta sesión de estudar as propostas presentadas.

Comézase o debate e fanse modificacións nunhas cantas propostas. Algunha delas quedan pendente para darlles unha nova redacción e outras para comprobar a exactitude dos datos.

Ao final acórdase enviar novamente o documento coas modificacións aprobadas nesta sesión de hoxe, dando a posibilidade de facer novas observacións antes de que se envíe a todos os membros do Consello.

Non se convoca nova Permanente pero si é aceptado por todos que na próxima reunión debería quedar pechado o documento para o seu trámite no pleno.

Non se presentaron dous rogos nin preguntas.

8	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	23 de maio de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	7 de 7 (100%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Redacción definitiva das propostas do Consello para incluír no informe “As linguas estranxeiras no sistema educativo galego” – Curso 2010-2011.
- 3.- Propostas ao borrador de documento para os XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado (último borrador recibido esta semana).
- 4.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co Informe e tal e como se quedara na última reunión, fixéronse as modificacións das propostas acordadas en referencia ao capítulo VI do informe e enviáronse por correo electrónico dando un prazo para enviar ao correo do Consello novas propostas.

Revísanse as cuestións que quedaron pendentes e acórdase solicitar algunha aclaración ou, no seu caso, modificación ao equipo redactor.

En relación cos XXI Encontros enviouse xunto coa convocatoria o último borrador de documento.

En relación co primeiro que se fixera, que era moi propositivo, elimináronse as cuestións máis problemáticas para facelo máis suave e así poder chegar a acordos de todos os consellos escolares. Agora presentase un documento máis adecuado para que poida ser aceptado por todos.

O día 12 de xuño remata o prazo para enviar propostas ao Consello Escolar do Estado e ao Consello Escolar da Rioxa. Para saber que propostas fixemos ao primeiro borrador inclúese o texto na documentación. Agora haberá que estudar este documento e ver se facemos algunha suxestión. Teríamos que traer as suxestións para a próxima reunión da Comisión Permanente que se acorda realizala o día 11 de xuño.

Finalmente os encontros terán lugar os días 25, 26 e 27 de outubro en Logroño.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

9	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	11 de xuño de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 21	Asistentes	7 de 7 (100%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Proposta definitiva do informe “As linguas estranxeiras no sistema educativo galego” – Curso 2010-2011.
- 3.- Propostas ao borrador de documento para os XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado (último borrador recibido esta semana).
- 4.- Ditame sobre o decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- 5.- Ditame sobre o decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.
- 6.- Ditame sobre o decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.
- 7.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co Informe e tal e como se acordou na última sesión, solicitóuselle ao equipo redactor que revisase as dúas cuestións pendentes. Presentaron as súas modificacións e tras estudalas acórdase aceptalas. Estúdanse a continuación novas propostas enviadas por membros da Comisión Permanente e acórdase aprobalas e incorporalas ao texto. Acórdase enviar o texto coas novas incorporacións aos membros do pleno para que fagan suxestións, dando un prazo que permita facer un novo pleno a finais de xuño ou principios de xullo.

En relación cos XXI Encontros estúdanse as propostas remitidas, acórdase aceptalas e remítilas ao Consello Escolar do Estado para que sexan tidas en conta á hora da elaboración do último borrador de documento.

En relación co proxecto de decreto que figura no punto 4 da Orde do día o Sr. Vicepresidente informa que presentaron emendas a Federación Educación e Xestión, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Coordinadora galega de MRP, Sr. Costa, a CIG, a Federación Galega de centros privados, a UGT, CONGAPA e CCOO, en total 151 emendas. Estúdanse e débátese e logo do debate acórdase emitir un ditame provisional e elevalo ao Pleno para a súa consideración.

En relación co proxecto de decreto que figura no punto 5 da Orde do día o Sr. Vicepresidente informa que presentaron emendas a CIG e CCOO. En total 6 emendas. Logo do debate, acórdase emitir un ditame provisional e elevalo ao Pleno para a súa consideración.

---

En relación co proxecto de decreto que figura no punto 6 da Orde do día o Sr. Vicepresidente informa que presentaron emendas a CIG e CCOO. En total 4 emendas. Logo de debate, acórdase emitir un ditame provisional e elevalo ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

10	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	27 de xuño de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Suxestións ao Informe sobre as linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia – Curso 2010-2011 (percepcións do profesorado, alumnado e as súas familias ao remate do bacharelato).
- 3.- Rogos e preguntas.

#### TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co Informe presentaron emendas as seguintes organizacións: CIG (27 emendas) e Coordinadora Galega de MRPs (7 emendas).

Antes de comezar a comisión permanente acorda non entrar a debater as emendas que se realizan ao texto da investigación, do mesmo xeito que se fixo en anteriores ocasións. So se entrará a debater as emendas realizadas ás propostas en gris acordadas polo comisión permanente.

Estúdanse as emendas e acéptanse algunhas delas que son incluídas no texto en recadros en gris xunto cos recadros en gris xa introducidos anteriormente de acordo co que fóra aprobado en reunións anteriores da Comisión Permanente.

Acórdase remitir o texto ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede.

O Sr. Vicepresidente informa a continuación do novo documento recibido para os encontros, documento 4. Este documento será o definitivo. Poderá modificarse como consecuencia das reunións das diferentes comisións logo de escoitar ao relatores no desenvolvemento dos Encontros.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

### 3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Asistencia ás sesión da Comisión Permanente								
	Fernando del Pozo Andrés	J. Alejo Losada Aldrey	Raúl Gómez Farto	José A. Moar Armas	Virgilio Gantes Gómez	Daniel Barata Quintas	Mercedes Rosón Ferreiro	Total
31/10/11	A	A	A	-	-	A	A	5
27/12/11	A	A	A	A	-	A	A	6
16/02/12	A	A	A	-	A	A	-	5
14/03/12	A	A	A	A	-	A	-	5
20/03/12	A	A	A	A	-	A	-	5
12/04/12	A	A	A	A	A	-	-	5
03/05/12	A	A	A	A	A	-	A	6
23/05/12	A	A	A	A	A	A	A	7
11/06/12	A	A	A	A	A	A	A	7
27/06/12	A	A	-	A	A	A	A	6
Total	10	10	9	8	6	8	6	57





---

### 3.5 **APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2010-2011.**

Na sesión do pleno do Consello Escolar de Galicia, celebrada o día 27 de marzo de 2012, aprobouse a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2010-2011.



---

# Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

---

4



---

## COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellora-la calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensa-las desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ó estudio de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

l) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade

---

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 25 proxectos de decreto durante o curso 2011-2012.

Estes proxectos son os seguintes:

1º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en cultivos acuícolas

2º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en electromecánica de maquinaria.

3º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en estética e beleza.

4º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en instalación de amoblamento.

5º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

6º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en peiteado e cosmética capilar.

7º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en preimpresión dixital.

8º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en centrais eléctricas.

9º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en educación e control ambiental.

10º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en enerxías renovables.

11º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en estética integral e benestar.

12º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en paisaxismo e medio rural.

13º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en proxectos de obra civil.

14º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en xestión forestal e do medio rural.

15º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en administración e finanzas.

---

16º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en animación sociocultural e turística.

17º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en asistencia á dirección.

18º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en comercio internacional.

19º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en deseño e amoblamento.

20º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en próteses dentais.

21º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos.

22º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en son para audiovisuais e espectáculos.

23º.-Proxecto de decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

24º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.

25º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de Técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

---

---



---

# Ditames elaborados

---

5



---

## DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2011-2012

Foron realizados 5 ditames.

Dous de forma conxunta para 22 proxectos de decreto e tres de forma singular para tres proxectos de decreto.

Os dous ditames realizados de xeito conxunto son os seguintes:

---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1. Técnico en cultivos acuícolas.
2. Técnico en electromecánica de maquinaria.
3. Técnico en estética e beleza.
4. Técnico en instalación de amoblamento.
5. Técnico superior en centrais eléctricas.
6. Técnico superior en educación e control ambiental.
7. Técnico superior en enerxías renovables.
8. Técnico superior en estética integral e benestar.
9. Técnico superior en paisaxismo e medio rural.
10. Técnico superior en proxectos de obra civil.
11. Técnico superior en xestión forestal e do medio natural.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2012, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de once novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. O Consello Escolar de Galicia propón que se inclúa no anexo VI de todos os currículos o nome de cada ciclo formativo.
4. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará**

---

**medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.**

5. O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
6. Tamén recomenda á Administración educativa que declare a superficie como mínima nos espazos e aularios, así como nos obradoiros.
7. Así mesmo, recomenda e solicita á Administración educativa que implante no prazo máis breve posible o curso ponte para pasar do ciclo medio ao ciclo superior de formación profesional.
8. Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: **“Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico”.**

---

---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1. Técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
2. Técnico en peiteado e cosmética capilar.
3. Técnico en preimpresión dixital.
4. Técnico superior en administración e finanzas.
5. Técnico superior en animación sociocultural e turística.
6. Técnico superior en asistencia á dirección .
7. Técnico superior en comercio internacional .
8. Técnico superior en deseño e amoblamento.
9. Técnico superior en próteses dentais.
10. Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos.
11. Técnico superior en son para audiovisuais e espectáculos.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 27 de marzo de 2012, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de once novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1.-O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.

2.-Tamén recomenda que se introduzan nos currículos dos ciclos formativos, se fora preciso, módulos propios para reforzar contidos non relacionados co coñecemento do contorno e sistema produtivo galego e adaptar ao mesmo o desenvolvemento da súa profesión.

3.-O Consello Escolar de Galicia propón que se engada un artigo, antes das disposicións adicionais, sobre a rateo establecendo o número máximo de alumnos e alumnas por aula en 20.

4.-Tamén propón que se engada un artigo máis antes das disposicións adicionais sobre o uso do galego, no sentido de incluír en cada título un artigo indicando que módulos debe ser de obrigada impartición en galego para que se cumpra a lexislación vixente.

5.-Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6.-Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.

7.-O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.

---

8.-Tamén recomenda á Administración educativa que declare a superficie como mínima nos espazos e aularios, así como nos obradoiros.

9.-Así mesmo, recomenda e solicita á Administración educativa que implante no prazo máis breve posible o curso ponte para pasar do ciclo medio ao ciclo superior de formación profesional.

10.-Para os decretos que establecen os currículos do ciclo superior en administración en finanzas e o ciclo superior de asistencia á dirección, proponse a supresión da expresión en negra que aparece no anexo II.B de cada decreto, que se indica: “Mesas **de oficina** equipadas con:”.

11.-Para o decreto que establece o currículo do ciclo superior de comercio internacional proponse que se engada no anexo VI un **novo módulo de segunda lingua estranxeira** (francés).

12.-Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: “**Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico**”.

---

Os tres ditames realizados de forma singular son os seguintes:

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ADMISIÓN DO ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

---

Sometido a consideración do Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 19 de xuño de 2012, o proxecto de decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, **acorda non aprobar ningún ditame** sobre o mesmo.

---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN CERÁMICA ARTÍSTICA.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 19 de xuño de 2012, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.

- Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado na disposición transitoria segunda, co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos.**

---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN MERGULLO DEPORTIVO CON ESCAFANDRO AUTÓNOMO.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 19 de xuño de 2012, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

1.- Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dunha nova disposición transitoria cuarta, co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novo currículo”**. Páx, 21, liñas 16.

2.- Para o Anexo IV – Ratio profesorado/alumnado; propónse a substitución dos cadros que se indican a continuación:

Bloque específico ciclo inicial	Ratio profesorado /alumnado
MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.	1/30
MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo.	1/15
MED-ASBD104- Condución subacuática.	1/10

Bloque específico ciclo final	Ratio profesorado /alumnado
MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.	1/30
MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.	1/15
MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.	1/8
MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.	1/8
MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo.	1/8

Polos seguintes:

Bloque específico ciclo inicial	Ratio profesorado /alumnado
MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.	1/20
MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e condución de mergullo deportivo.	1/10
MED-ASBD104- Condución subacuática.	1/8

Bloque específico ciclo final	Ratio profesorado /alumnado
MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.	1/20
MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.	1/10
MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.	1/5
MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.	1/5
MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo.	1/5

---



---

# Participación en actos, congresos, reunións

---

5



---

## REPRESENTACIÓN NOS SEGUINTEs EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos e reunións que a continuación se sinalan:

Acto de apertura do curso académico na Universidade da Coruña celebrado o día 19 de setembro de 2011.

Entrega do premio María Josefa Wonenburger celebrada en Santiago de Compostela o día 28 de setembro de 2011.

Forum Europa, Tribuna Galicia, co alcalde da Coruña, o día 30 de setembro de 2011.

Conferencia do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria co título “Unha aposta pola educación de calidade” celebrada en Santiago de Compostela o día 3 de outubro de 2011.

Acto de entrega das “Encomiendas de Alfonso X El Sabio” a expresidentes dos Consellos Escolares autonómicos, celebrado en Madrid o día 26 de outubro de 2011.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 16 de novembro de 2011.

Asistencia á sesión de presentación internacional do proxecto “IPPE” Construción de indicadores da participación dos pais na ensinanza obrigatoria, celebrada en Madrid o 16 de decembro de 2011.

Asistencia ao acto de toma de posesión do Reitor da Universidade da Coruña celebrado o día 13 de xaneiro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Santiago de Compostela o día 25 de xaneiro de 2012.

Asistencia ao acto conmemorativo do 400 aniversario da creación do Colexio San Clemente e do 70 aniversario do Instituto Rosalía de Castro, celebrado en Santiago de Compostela o día 11 de febreiro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 22 de febreiro de 2012.

Asistencia ao Acto institucional do día internacional das mulleres, celebrado en Santiago de Compostela o día 7 de marzo de 2012.

Asistencia ás Xornadas sobre os profesores nos mellores sistemas educativos do mundo celebradas en Murcia os días 23 e 24 de marzo de 2012.

---

Forum Europa, Tribuna Galicia, co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o día 27 de marzo de 2011.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Tudela o día 11 de maio de 2012.

---

# Resumo económico

---

7



## RESUMO ECONÓMICO

<b>Gastos facturados pola Oficina Técnica</b>	<b>Importe ano 2011</b>
Mantemento xeral	2742,53
Vixilancia e seguridade	18636,19
Electricidade	2598,43
Gasóleo	1250,58
Limpeza	9739,47
Auga	175,25
<b>Suma Parcial</b>	<b>35.142,45</b>
<b>Reunións Comisións</b>	
Comisións permanentes e outras Comisións	7.086,79
Plenos	12.274,81
<b>Suma Parcial</b>	<b>19.361,60</b>
<b>Informes e Estudos</b>	
Estudo previo informe - Universidade de Santiago	21.220,00
<b>Suma Parcial</b>	<b>21.220,00</b>
<b>Gastos Xornadas Consellos Escolares</b>	
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	0,00
Xornadas organizadas polo Consello	0,00
<b>Suma Parcial</b>	<b>0,00</b>
<b>Retribución dietas</b>	
Dietas	3.588,01
<b>Suma Parcial</b>	<b>3.588,01</b>
<b>Outros gastos</b>	
Fotocopiadora e fax	4.672,70
Colocación mesas para reunións plenos	424,80
Augas e coffe breack	147,40
Material de oficina	240,47
Subscrición revistas	0,00
Correos	1.913,95
Teléfono	907,85
Outros	0,00
<b>Suma Parcial</b>	<b>8.307,17</b>
<b>Suma total .....</b>	<b>87.619,23</b>

